

MATERIA
Políticas Públicas

unidade
didáctica
1

TITULACIÓN
Grao en Ciencia Política e da Administración

A análise das Políticas Públicas

Álvaro González Gómez

Departamento de Ciencia Política e Socioloxía
Facultade de Ciencias Políticas e Sociais

unidadesdidácticas
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



Esta obra atópase baixo unha licenza internacional Creative Commons BY-NC-ND 4.0. Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra non incluída na licenza Creative Commons BY-NC-ND 4.0 só pode ser realizada coa autorización expresa dos titulares, salvo excepción prevista pola lei. Pode acceder Vde. ao texto completo da licenza nesta ligazón: <https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/4.0/deed.gl>

© Universidade de Santiago de Compostela, 2023

Deseño e maquetación

J. M. Gairí

Edita

Edicións USC

<https://www.usc.gal/publicacions>

DOI

<https://dx.doi.org/10.15304/9788419679741>

MATERIA: Políticas Públicas

TITULACIÓN: Grao en Ciencia Política e da Administración

PROGRAMA XERAL DO CURSO

Localización da presente unidade didáctica

Unidade I. Introducción á análise das Políticas Públicas

Políticas Públicas e análise de Políticas Públicas

Introdución á análise de Políticas Públicas

Unidade II. Definición de problemas públicos: actores e problemas

Unidade III. O proceso da decisión pública

Unidade IV. O deseño de Políticas Públicas

Unidade V. A implementación das políticas

Unidade VI. A avaliación das políticas

ÍNDICE

PRESENTACIÓN

OBXECTIVOS

PRINCIPIOS METODOLÓXICOS

CONTIDOS BÁSICOS

1. Políticas Públicas e análise de Políticas Públicas
 - 1.1. Nocións básicas sobre análise de Políticas Públicas
2. Introducción á análise de Políticas Públicas
 - 2.1. Definición de problemas públicos: actores e problemas
 - 2.2. O proceso da decisión pública
 - 2.2.1. O ciclo das Políticas Públicas
 - 2.3. Deseño das Políticas Públicas
 - 2.4. Implementación das Políticas Públicas
 - 2.5. Avaliación das Políticas Públicas

ACTIVIDADES PROPOSTAS

AVALIACIÓN DA UNIDADE DIDÁCTICA

BIBLIOGRAFÍA

PRESENTACIÓN

A unidade didáctica «Introdución á análise das Políticas Públicas» pertence á materia Políticas Públicas, correspondente ao segundo curso do Grao en Ciencia Política e da Administración. Segundo o plan de estudos da titulación (BOE nº269, de 6 de novembro de 2017), dita materia ten carácter obrigatorio. A súa carga lectiva é de 6 créditos ECTS e impártese no primeiro cuadrimestre.

A materia de Políticas Públicas ten como finalidade ofrecerlle ao alumnado unha primeira aproximación á análise de Políticas Públicas, de tal xeito que este adquira un conxunto de nocións e habilidade básica. En concreto, preténdese proporcionar as ferramentas e elementos esenciais para a análise e definición dos problemas públicos, a toma de decisións e o deseño de políticas públicas, a súa implementación e a avaliación dos resultados, ademais dunha visión xeral dos distintos marcos teóricos e a metodoloxía de investigación dominantes. Tamén se pretende que o alumnado comprenda os elementos centrais de funcionamento do escenario público e promover a súa capacidade de analizar dunha forma crítica do coñecementos dos marcos teóricos e metodolóxicos desde onde se elaboran as políticas públicas. Por último, preténdese habilitar ó alumnado para que poida desenvolver a capacidade de traballo individual (aprendendo a analizar a información, identificar as ideas máis importantes e expresalas sinteticamente de forma oral e escrita), ademais de tamén a súa capacidade de traballo en equipo.

Os contidos desta materia ocupan un rol fundamental na titulación do Grao en Ciencia Política e da Administración, dado que constitúen a primeira aproximación do alumnado á análise de Políticas Públicas, e cuxos contidos serán complementados e afondados cos das materias obrigatorias e optativas relativas a Políticas Públicas impartidas no terceiro e cuarto cursos do grao. Neste sentido, poderíamos sinalar como exemplos a materia obligatoria de Políticas Públicas da Unión Europea e a materia optativa de Políticas Sectoriais, desenvoltas ambas as dúas no terceiro curso do grao. Asemade, a materia obligatoria de Análise Estratéxica e Toma de Decisións que se imparte no segundo cuadrimestre do mesmo curso do grao (o segundo) tamén está directamente vinculada con elementos tratados nesta materia.

A programación docente da materia Políticas Públicas está formada por seis unidades didácticas. Aquí preséntase a primeira unidade didáctica, na que se presenta unha introdución á análise de Políticas Públicas a través tanto de ofrecer as nocións básicas que fundamentan este tipo de análise como dunha primeira aproximación aos elementos centrais nos que se estrutura unha análise de Políticas Públicas nos que se afondará en unidades didácticas posteriores (é dicir, a definición de problemas públicos, o proceso de decisión pública e o deseño, implementación e avaliación das Políticas Públicas). Os contidos desta unidade didáctica impartiranse en 2 horas expositivas e 9 interactivas.

En canto ao resto de unidades didácticas desta materia, estas afondan nos distintos elementos introducidos na primeira unidade, provendo ao alumnado dun maior coñecemento teórico ao respecto (a través de clases expositivas, recomendacións de lecturas e resolucións de dúbidas) e remitíndose a aplicación práctica deste saber principalmente ás actividades interactivas planeadas nesta primeira unidade didáctica.

tica que imos presentar agora. Deste xeito, nas seguintes unidades retómanse as nocións básicas presentadas na primeira unidade respecto da definición de problemas públicos (segunda unidade didáctica), do proceso da decisión pública (terceira unidade didáctica) e do deseño (cuarta unidade didáctica), implementación (quinta unidade didáctica) e avaliación (sexta unidade didáctica) das Políticas Públicas.

Esta unidade diríxese ao alumnado do Grao en Ciencia Política e da Administración matriculado na materia. Do mesmo xeito, pode resultar de utilidade para o profesorado que imparte docencia nos cursos posteriores, nas materias obrigatorias e optativas mencionadas (Análise Estratéxica e Toma de Decisións, Políticas Públicas da UE e Política Sectoriais) ademais doutras a maiores (como Xestión Pública, Temas Actuais de Ciencia Política ou Temas Actuais de Xestión Pública), posto que permite un coñecemento máis detallado dos contidos abordados nesta materia e das actividades que se realizan. Desta forma, pode servir como instrumento de coordinación entre as materias da titulación, permitindo unha formación máis integral do alumnado ao evitar o solapamento de contidos e permitir un uso máis eficiente das horas de docencia planificadas nas distintas materias.

OBXECTIVOS

A materia Políticas Públicas, impartida no primeiro cuadrimestre do segundo curso do Grao en Ciencia Política e da Administración, constitúe a primeira aproximación á análise das Políticas Públicas. Os obxectivos da materia son os seguintes:

- Obxectivo xeral 1: Proporcionar ao alumno as ferramentas e elementos esenciais para a análise e definición dos problemas públicos, a toma de decisións e o deseño de políticas públicas, a súa implementación e a avaliación dos resultados;
- Obxectivo xeral 2: Proporcionar ao estudante unha visión xeral dos distintos marcos teóricos e a metodoloxía de investigación dominantes;
- Obxectivo xeral 3: Comprender os elementos centrais de funcionamento do escenario público;
- Obxectivo xeral 4: Promover a análise crítica no coñecementos dos marcos teóricos e metodolóxicos desde onde se elaboran as políticas públicas;
- Obxectivo xeral 5: Desenvolver a capacidade de traballo individual, aprendendo a analizar a información, identificar as ideas máis importantes e expresalas sinteticamente de forma oral e escrita;
- Obxectivo xeral 6: Desenvolver a capacidade de traballo en equipo.

As competencias da titulación ás que contribúe a materia son as seguintes:

- CG2: Saber aplicar coñecementos de forma profesional;
- CG1: Coñecer o ámbito académico;
- CG3: Emitir xuízos, elaboración de análises e xuízos;
- CG4: Identificar e transmitir ideas, problemas e solucións;
- CB1: Que os estudantes teñan demostrado posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral, e que adoita encontrarse a un nivel que, se ben se apoia en libros de

texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo;

- CB2: Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo;
- CB3: Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética;
- CB4: Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado;
- CB5: Que os estudantes teñan desenvolto aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.

Pola súa parte, as competencias específicas desta materia son as seguintes:

- CE2: Capacidade de profesionalización;
- CE3: Inicio á investigación.

En canto ás competencias transversais, non existen datos ao respecto.

A primeira unidade didáctica introduce ao alumnado á análise de políticas públicas, presentando os elementos básicos cos que se realiza. Principalmente centrarase na introdución das principais fases do proceso de decisión pública, dende a previa definición de problemas públicos e pasando polas posteriores do ciclo das políticas públicas (deseño, implementación e avaliación). Tendo en conta os obxectivos propostos nesta unidade, á súa finalización o alumnado deberá ser capaz de:

- Obxectivo 1: Definir que é a análise de Políticas Públicas;
- Obxectivo 2: Explicar a importancia, relevancia e especificidade da análise de Políticas Públicas;
- Obxectivo 3: Identificar os elementos básicos que compoñen a análise de Políticas Públicas;
- Obxectivo 4: Adquirir a capacidade de realizar análises de Políticas Públicas a un nivel básico tanto de forma individual como colectiva.

A través dos obxectivos perseguidos nesta unidade didáctica, contribúese a que o alumnado acade os obxectivos xerais 1, 5 e 6 da materia e as competencias CG2, CG3, CG4, CB1 e CB3, ademais da competencia específica CE3.

PRINCIPIOS METODOLÓXICOS

En liña co modelo do Espazo Europeo de Educación Superior, para o ensino desta materia combinaranse as clases expositivas coas interactivas, sendo complementadas cando fose preciso con titorías co alumnado.

As clases expositivas constitúen un dos eixos centrais para o desenvolvemento do programa docente da materia. Durante estas sesións, os contidos teóricos expostos intercálanse con situacións reais expostas polo profesorado apoiándose para iso en material de apoio en forma de lecturas que se poden (e nalgúns casos, se deben) consultar. Á súa vez, a participación activa do alumnado nestas sesións é asegurada a través do fomento do debate a partir de preguntas elaboradas tanto polo profesorado como polo propio alumnado no decorrer da exposición do temario, asegurando unha dinámica de interpelación activa entre docente e discente, reforzada por titorías individualizadas nas que se poden resolver dúbidas e recomendar lecturas nas que poder afondar os seus coñecementos. Deste modo, garántese o papel protagonista do alumnado no proceso de aprendizaxe.

Así, nas sesións expositivas o método afirmativo, tanto expositivo como demostrativo, combínase co método de elaboración interrogativo. Pola súa banda, o método de elaboración por descubrimento emprégase nas actividades interactivas, sobre todo na elaboración do traballo final.

En coordinación coas clases expositivas realizaranse sesións interactivas nas que a finalidade principal será non tanto deterse no debate que pode provocar o coñecemento teórico como na adquisición e utilización de ferramentas analíticas especializadas coas que analizar unha Política Pública. Deste xeito, relacionándose os contidos co abordado nas sesións expositivas, preténdese asegurar que o alumnado sexa capaz de utilizar o coñecemento adquirido dunha forma profesional que lle permite analizar (a un nivel básico) a realidade como alguén especializado na análise de Políticas Públicas.

En definitiva, o conxunto de actividades propostas presenta as seguintes finalidades:

- Fomentar que o alumnado sexa partícipe da construción do coñecemento científico, adoptando unha actitude profesional, reflexiva e crítica;
- Potenciar o uso de soportes tanto clásicos coma modernos da investigación académica (dende libros e revistas até bases de datos dispoñibles na rede);
- Adquirir as capacidades para a argumentación oral e escrita que sexa coherente e fundamentada nos coñecementos da análise de Políticas Públicas.

Pola súa banda, o alumnado contará co apoio e orientación do profesorado, tanta na realización das actividades propostas durante o cuadrimestre como para atender calquera consulta ou dúbida relacionada coa materia. Tendo en conta isto e recordando o comentando previamente, queda claro que as titorías constitúen un sistema pedagóxico complementario ás clases, no que, non só facilitar e fomentar a comunicación e o intercambio de opinión entre o profesorado e o alumnado, senón tamén contribuír á aprendizaxe do alumnado a través da recomendación de lecturas nas que poder afondar en cuestións relacionadas coa materia.

Por último, é preciso sinalar que o Campus Virtual será empregado como un complemento docente ás sesións presenciais para ser utilizado como un soporte a través do cal facilitar ao alumnado o programa da materia, os textos a ler (respeitando sempre os dereitos de autor) e tamén para servir como un medio a través do cal canalizar a comunicación bilateral entre profesorado e alumnado. Ademais, o Campus Virtual tamén será empregado para informar da corrección do traballo final a través das funcionalidades existentes nel que facilitan o uso de rubricas.

CONTIDOS BÁSICOS

Esta unidade didáctica define que son as Políticas Públicas e presenta tanto nocións básicas sobre a análise de Políticas Públicas como os seus principais elementos: a definición de problemas públicos, o proceso da decisión pública e o deseño, a implementación e a avaliación das Políticas Públicas.

1. Políticas Públicas e análise de Políticas Públicas

As Políticas Públicas e a súa análise representan área de estudo clásico da Ciencia Política e doutras Ciencias Sociais como a Ciencia da Administración. Agora ben, o estudo deste área presentan algunhas características específicas xa non á actividade humana senón a lóxicas estratéxicas que é preciso ter en conta para acadar unhas investigacións de maior calidade.

1.1. Nocións básicas sobre análise de Políticas Públicas

Cando falamos de Políticas Públicas estamos facendo referencia ás actividades levadas a cabo (de forma directa ou indirecta) polo goberno e dirixidas a influír na vida da cidadanía. É preciso neste punto sinalar que a inacción ou a non-decisión segue a ser unha posibilidade factible a tomar. Retomando o fío, esta decisión pública pretende intervir sobre problemas públicos, é dicir, sobre situacións que son definidas dende as institucións públicas como problemáticas. Xustamente na anterior oración reside a complexidade desta área de estudo, dado que a pesar de certas perspectivas académicas previas e de parte da opinión pública, o certo é que estamos ante unha cuestión difícil de determinar e que non é unívoca.

Deste xeito, é preciso ter en conta que, a pesar de que as intervencións públicas son sistematicamente xustificadas por ser respostas a un interese público, o certo é que non hai unha visión uniforme sobre este. O que é definido como interese público non é a cristalización dunha racionalidade colectiva obxectivamente identificable, se non un resultado da negociación e interacción entre actores. As Políticas Públicas están atravesada por este proceso de interacción entre actores que compiten pola definición de que situacións son problemas públicos e para concertar cal debería ser a decisión pública a tomar (ou a non tomar) e no cal as decisións tomadas son produtos máis do compromiso acadado entre actores que de criterios de racionalidade.

2. Introducción á análise de Políticas Públicas

Tendo en conta a especificade deste obxecto de estudo, resulta vital responder unha serie de cuestións fundamentais nas que se veñen articulando as investigacións sobre Políticas Públicas.

2.1. Definición de problemas públicos: actores e problemas

A primeira cuestión que se debe ter en conta á hora de estudar as Políticas Públicas é en que consiste o proceso de definición de problemas públicos e cales son os elementos que actúan neste proceso.

Retomando o previamente comentado, a definición dun problema público representa un proceso crucial para as Políticas Públicas. Segundo como se defina unha situación como problemática, condicionarase a decisión tomada no futuro. Isto débese a que a definición dun problema público non é simplemente descritiva, senón que é operativa ao delimitar sempre cal debería ser a intervención pública a escoller para mellorar a situación.

Pola súa parte, os actores que interveñen neste proceso son aqueles axentes que posúen capacidade para intervir no proceso de Políticas Públicas, unha capacidade que é preciso sinalar que non está limitada á distribución xurídica de dereitos. Deste xeito, podemos encontrarnos con actores de diversas características: actores públicos ou privados, de carácter social, profesional, económico ou político e de ámbitos diversos (dende o local até o internacional).

O que temos que ter claro é que cada actor se mobiliza segundo as súas preferencias e intereses e pretende condicionar, influír, bloquear ou activar as decisións públicas usando os recursos cos que conta (sexan estes de índole económica, política ou cognitiva). Recordando que as decisións públicas responden máis a criterios de compromiso entre actores que a criterios de racionalidade, a capacidade de persuadir resulta entón a principal habilidade que deben dominar os actores para acadar as súas metas.

En definitiva, á hora de estudar os actores que interveñen nunha Política Pública é recomendable realizar unha matriz (Táboa 1.) na que conste a identificación de cada actor, cales son as definicións de problema que postula, a solución que propoñen, os recursos cos que contan e cales son os obxectivos que pretenden acadar.

Táboa 1. Exemplo de matriz de actores

| | Definición | Solución | Recursos | Obxectivos |
|---------|-------------------------------|----------------------------|---|------------------------------|
| Actor X | Condições deplorables policía | Mellora condicións policía | Control seguridade (folga policía) | Mellorar condicións gremiais |
| Actor Y | Falta seguridade | Máis seguridade | Presión social (principal asociación veciñal) | Satisfacción dos asociados |
| Actor Z | Precariedade social | Máis axudas sociais | Presión social (ONG recen fundada) | Maior visibilidade |

Fonte: Elaboración propia.

2.2. O proceso da decisión pública


Se ben a definición dun problema pública é unha fase crucial polos motivos que se expuxeron anteriormente, o certo é que o proceso da decisión pública non se limita á adopción pública dunha das múltiples definicións de problemas e a posta en marcha da prognose asociada. Todo o contrario, o que se desenvolverá a partir dese momento fundacional é unha concatenación de fases interconectadas que é preciso considerar nunha análise de Políticas Públicas.

2.2.1. O ciclo das Políticas Públicas

O proceso decisional (isto é, de decisións a tomar) que representan as Políticas Públicas pode expresarse dunha forma gráfica a partires da noción de ciclo das Políticas Públicas que pode ser utilizada como unha ferramenta coa que estruturar a análise dunha Política Pública. Deste xeito, as distintas fases interconectadas de desenvolvemento dunha Política Pública non están estruturadas dunha forma lineal (cun inicio e un fin), senón que existe unha retroalimentación completa que permite a continua redefinición e redeseño da Política Pública.

Existen distintas propostas respecto de ante que fases estamos a falar (Pallarés, 1988 e Tamayo, 1997, Olavarría, 2007 e Knoepfel *et al.*, 2008). Non obstante, considerando os elementos comúns entre as principais achegas, podemos sinalar que o ciclo das Políticas Públicas está estruturado en tres fase que se desenvolven nesta orde en sentido circular: deseño, implementación e avaliación (figura 1).

Figura 1: O ciclo das Políticas Públicas



Fonte: Elaboración propia.

2.3. Deseño das Políticas Públicas

A fase inicial do ciclo de Políticas Públicas pódese nomear como a de deseño, aínda que tamén se pode denominar como de elaboración ou formulación. Nela tómanse as decisións principais que determinarán a Política Pública a levar a cabo.

En primeiro lugar, prodúcese o proceso de selección e definición do problema público que foi descrito anteriormente. Así, de entre a axenda política (é dicir, da primeira selección de cuestións problemáticas sobre as que actuar elaborada a partir da mobilización de demandas e de presións) é detectada unha cuestión como obxecto da acción das autoridades públicas. Isto implica necesariamente un afondamento no cal se define o problema público, especificando os seus compoñentes. Neste momento desenvólvese a competición anteriormente mencionada entre os actores involucrados que compiten para que a súa definición sexa a escollida.

É preciso sinalar que, como xa se dixo anteriormente, este exercicio de definición non é meramente descritivo, senón tamén operativo, ao indicar implicitamente cal debe ser o sentido da resposta pública. Polo tanto, os compoñentes desta definición determinan o carácter da Política Pública, podendo resultar que as eivas na definición poden provocar o fracaso da Política Pública ao impedir unha mellora da situación a intervir.

Definido o problema, o decisor público precisa de establecer cales son as súas perspectivas de previsión e determinar os obxectivos que pretende acadar. Respecto do primeiro, é necesario que o decisor teña en conta cales poden ser os posibles e alternativos escenarios futuros segundo muden en diversos sentidos as variables claves que determinan o escenario sobre o que se pretende influír. En canto aos obxectivos, é preciso explicitalos respondendo á seguinte pregunta: cales son as características xenéricas do futuro que se desexa?

Finalmente, unha vez definido o problema e determinadas as previsións de futuro e os obxectivos a acadar, fórmulase as alternativas de decisión pública. Cada unha delas representa unha opción alternativa de posible solución ou política a levar a cabo. Se ben unha vez definido o problema público o abano de opcións entre as que se dirimirá a escolla son máis ben reducidas (debido ao carácter operativo de dita definición), o certo é que os actores que viron rexeitadas as súas definicións seguirán intervindo para acomodar as decisións públicas posteriores o máximo posible aos seus obxectivos, polo que é de esperar que intenten modular e postular alternativas máis próximas ás súas propostas.

Por último, habería que considerar cal debería ser o criterio que guíase a escolla de entre as alternativas existentes. Ao respecto, os modelos teóricos clásicos propoñen catro posibilidades:

- Primeiro, seguindo o modelo racional, debería de escollerse a alternativa que maximice os valores do decisor, é dicir, que permita acadar no seu grao máximo os seus obxectivos.
- Rebaixando as expectativas do anterior modelo encontraríase o modelo racional limitado que establece que a alternativa a escoller é a máis suficientemente satisfactoria, é dicir, a que satisfaga máis os obxectivos do decisor pero sendo consciente que é inviable a súa culminación total.

- En terceiro lugar, o modelo incrementalista propón que a alternativa a esco-ller sería aquela que permite pequenos cambios incrementais no acadamento dos obxectivos, propondo que estes serán alcanzados no prazo longo e non no curto.
- Por último, a análise estratéxica ou modelo do *mixed scanning* propón que os criterios racionais son os que deben de guiar as grandes decisións das políticas (isto é, a orientación estratéxica), namentres que os criterios políticos deben de garantir certo grao de adaptabilidade a solución escollida ao facela viable tanto en termos técnicos como políticos.

2.4. Implementación das Políticas Públicas

Deseguido iníciase a fase de implementación dunha Política Pública. Este é o proceso de aplicación práctica da Política Pública, pero isto non nos debe de limitar a considerala unha cuestión técnica. Todo o contrario, conta cun compoñente político no cal as lóxicas organizativas e de competición entre actores tamén entran en xogo. Ademais, é preciso sinalar que é difícil determinar cales son os límites entre o deseño e a implementación ao representar o segundo unha continuación do proceso iniciado previamente, máis que representar compartimentos estancos.

Tendo en conta estas cuestións que reforza a noción de que estamos ante un proceso circular de fases conectadas entre si, é preciso sinalar que a implementación se realiza a partir dos *outputs*, isto é, dos produtos de Políticas Públicas. En brevidade, cando falamos de *output* dunha Política Pública estamos facendo referencia a o que se realiza para intervir no problema público, é dicir, as accións ou inaccións que a Administración leva a cabo dunha forma directa ou indirecta para intentar mellorar unha situación que é definida como problemática.

Hai que ter en conta que son catro as perspectivas desde as que se entende e deseña a implementación das Políticas Públicas:

- Segundo a perspectiva da posta en marcha ou *top-down* na implementación existirían dúas esferas especializadas, na cal a esfera política (os responsables públicos) decide, e a esfera administrativa pon en marcha a Política Pública.
- Tamén se pode entender como un proceso de interacción entre actores (os cales non necesariamente son os mesmos que interviñeron na definición fase de deseño) polo que estamos ante a complexidade que supón a acción conxunta. O éxito entón da implementación reside na capacidade de conseguir acadar un acordo entre actores e/ou de que estes intercambien recursos.
- Pola súa parte, tamén se pode entender como un proceso de ensamblaxe na cal se suceden actividades para ensamblar distintos elementos do programa e movementos ou xogos entre actores (que poden ter efectos negativos na implementación). Esta perspectiva incide na importancia de considerar os escenario futuros e os puntos de resistencia que se poden presentar.

- Por último, tamén se pode considerar unha perspectiva dende abaixo ou *bottom-up*, a cal centra a implementación na oficina local, isto é, pon o seu centro de atención no burócrata e no usuario. O éxito segundo esta perspectiva residiría na adaptación mutua entre o plan elaborado en instancias centrais e as condicións e capacidades locais.

2.5. Avaliación das Políticas Públicas

A última fase que quedaría por considerar sería a de avaliación. Ao respecto é preciso sinalar brevemente que existen distintos tipos de avaliacións, existindo para cada unha das fases do proceso a posibilidade de realizar unha avaliación propia. Así, se ben neste caso ímonos centrar na avaliación de resultados, debemos de ter en conta o sinalado, a saber, que a avaliación é unha actividade constante ao longo do ciclo de políticas públicas e non unha mera actividade final.

Retomando o obxecto do noso interese, é fundamental nunha análise de Políticas Públicas realizar unha avaliación de resultados que se faga en base aos obxectivos establecidos e aos resultados acadados (*outcomes*). Desta forma conseguírase medir o grao en que se acadaron as finalidades desexadas inicialmente.

Segundo os resultados desta avaliación, existen tres alternativas de decisión entre as que escoller:

- A primeira delas sería a de continuar ou manter a Política Pública nas mesmas características coas que foi deseñada inicialmente. Non obstante, para xustificar esta escolla normalmente é preciso que a Política Pública se teña desenvolvido dun xeito destacablemente óptimo como para xustificar a súa continuación sen cambios, o cal supón unha minoría de casos.
- Polo contrario, a maior parte das veces é preciso realizar algunha modificación na Política Pública para adaptala a circunstancias que non foron adecuadamente consideradas no deseño.
- Por último, restaría a posibilidade de dar por finalizada a Política Pública por considerar que o escenario no que se interviña xa non supón un problema público, tanto por se a intervención pública foi capaz de solucionarla completamente, como por xa non ser considerada esta situación como un problema público.
- Estas distintas alternativas permítenos pechar esta epígrafe recordando o sinalado anteriormente: o proceso de Políticas Públicas é un fenómeno circular no cal, non só cada fase está interconectada co resto, senón que non ten un inicio e un fin absoluto. Como se pode observar no comentado sobre as alternativas de decisión ao realizar unha avaliación de resultados, a situación que se afronta non se limita a considerar se o realizado foi adecuado ou non senón que directamente nos leva de novo a fase de deseño ao volver por enriba de mesa a definición de problemas públicos.

ACTIVIDADES PROPOSTAS

Para afondar e poñer en práctica os contidos teóricos aportados ao alumnado nas sesións expositivas realizaranse unha serie de actividades dedicando a isto 9 horas interactivas. Na primeira destas horas tratarase colectivamente unha breve lectura introdutoria na cal se presentan nocións básicas sobre a análise de políticas públicas (Subirats, 2001) e se sinala a relevancia e a especificidade deste tipo de análise e se presentan as nocións básicas asociadas. Deste xeito, este texto permitiría presentar contidos para debater colectivamente sobre esta cuestión e reforzar contidos teóricos. A continuación, nas seguintes sesións, trataríanse unha serie de estudos de caso sobre análises de Políticas Públicas. En concreto, falamos de tres actividades:

- Primeiro, na segunda sesión interactiva, o alumnado virá cunha lectura lida previamente respecto a un caso concreto (a definir). Dita lectura será un documento PDF elaborado de forma propia polo profesorado no cal se recolleu e sintetizou a información precisa para realizar unha análise de Política Pública. Na mesma sesión, o profesor guiará ao alumnado na resolución do exercicio, acompañándoo na utilización das ferramentas básicas da análise de Políticas Públicas, fundamentalmente na elaboración dunha matriz de actores na cal consta a identificación dos distintos actores involucrados nesa Política Pública e as súas características básicas. Deste xeito, o profesor asegurárase de que, máis aló da comprensión dos contidos teóricos, o alumnado é capaz de aplicar ditos coñecementos nun caso práctico.
- En segundo lugar, na terceira sesión interactiva, realizarase unha actividade similar á anterior. Así, de novo o alumnado terá que ler previamente pola súa conta unha lectura elaborada *ex professo* polo profesor sobre as políticas de natalidade da Xunta de Galicia. Ademais, deberá de entregar antes do inicio da clase en formato físico a resolución do exercicio, que consistirá (de novo) na elaboración dunha matriz de actores. A propia clase interactiva será utilizada para a posta en común e a corrección da actividade.
- Por último, o resto de sesións interactivas serán dedicadas á preparación e presentación do traballo final, o cal consistirá na realización en grupos (ou, de forma extraordinaria, individualmente) da análise dunha política pública escollida pola alumnado e consensuada co profesor. Esta cuestión deberá de estar pechada antes da cuarta sesión interactiva, na cal o alumnado terá que expor os seus primeiros avances na elaboración do traballo, en concreto, a información recollida sobre os antecedentes da política pública escollida. Nas seguintes sesións (até a novena) serán dedicadas para tratar os avances progresivos do traballo, dende a realización do mapa de actores, pasando pola proposta de posibles solucións entre as que escoller e a determinación dos elementos de control, seguimento e avaliación da intervención proposta. A antepenúltima clase será dedicada exclusivamente á resolución de dúbidas finais, namentres que nas dúas últimas os distintos grupos terán que expoñer o seu traballo. Para que o profesor teña preparado un comentario previo sobre os traballos, o alumnado terá que entregar un documento PDF onde estea redactada a súa análise, pero a entrega definitiva deste

será inmediatamente despois da exposición do traballo para dar marxe de corrección ao alumnado.

AVALIACIÓN DA UNIDADE DIDÁCTICA

A avaliación desta unidade didáctica levarase a cabo segundo o sistema de avaliación continua en tres fases:

- En primeiro lugar, unha vez introducido o alumnado á análise de Políticas Públicas a través das sesións expositivas e da lectura e debate do texto introdutorio de Subirats e da resolución colectiva do primeiro caso de estudo (garantindo isto, en principio, a homoxeneidade nas capacidades do alumnado para realizar unha análise de Políticas Públicas), a resolución de forma individual do caso das políticas de natalidade da Xunta de Galicia será utilizada para avaliar a capacidade de cada un dos discentes para analizar unha Política Pública.
- En segundo lugar, empregarase unha avaliación procesual durante as sesións dedicadas á elaboración do traballo final. Deste xeito, o profesor en cada sesión irá grupo a grupo interpellando a parte a cada un deles para saber como van avanzando para deste xeito garantir o correcto desenvolvemento deste traballo (sobre todo anticipando a corrección de eivas que se podan estar realizando) e resolver dúbidas, a parte de intentar asegurar o traballo colectivo a través da observación das dinámicas de traballo grupal.
- Por outra banda, a avaliación final será realizada unha vez rematada a materia, para deste xeito valorar o grao de adquisición de coñecementos e capacidades por parte do alumnado.

No sistema de avaliación continua, a cualificación é o resultado de sumar a puntuación obtida nas preguntas do exame (as cales farán referencia máis a aplicación do contido teórico adquirido que a súa mera exposición) e a valoración obtida nas actividades interactivas. É preciso sinalar que na valoración global da materia o peso do exame final e das lecturas voluntarias individuais representa o 85 % da cualificación namentres que o 25 % restante o representan as actividades interactivas. Dentro desta última porcentaxe, o 10 % corresponde á resolución individual do caso das políticas de natalidade da Xunta de Galicia, o 14,95 % corresponde á corrección do traballo final e o 0,05 % á asistencia ás sesións interactivas.

En ambos os dous traballos o instrumento de avaliación que se utilizará consistirán nunhas rubricas elaboradas previamente e accesibles ao alumnado a través do Campus Virtual nos que se especificará que elementos se avaliarán e cales son as posibles cualificacións. Ademais, á hora de avaliar o traballo final, é preciso sinalar que o profesor tomará nota á súa vez dos avances presentados, as dúbidas formuladas, as fallas observadas e as recomendacións elaboradas para deixar constancia completa do avance do traballo grupal, sobre todo dos seus progresos e dos seus defectos.

Tamén é preciso sinalar á parte que, sendo obrigatoria a asistencia ás sesións interactivas, terase en conta esta na avaliación da nota do traballo final, de tal xeito que en ningún caso se contará a puntuación do traballo final presentado colectivamente se un dos integrantes do grupo non asiste como mínimo á metade das sesións nas cales se presentaron os avances do traballo.

BIBLIOGRAFÍA

- FEINSTEIN, Osvaldo (2007): Evaluación pragmática de políticas públicas. *ICE, Revista de Economía*, (836), pp. 19-31.
- KNOEPFEL, Peter, LARRUE, Corinne, SUBIRATS, Joan e VARONE, Frederic (2008). *Análisis y gestión de políticas públicas*. Ariel.
- OLAVARRÍA, Manuel (2007). *Conceptos básicos en el análisis de políticas públicas*. INAP.
- PALLARÉS, Francesc (1988). Las políticas públicas: El sistema político en acción. *Revista de estudios políticos*, (62), pp. 141-162.
- PALLAVICINI, Violeta, CHAMIZO, Horacio e VARGAS, Jean Paul (2012). *Manual de formulación de políticas públicas*. Fondo de Población de las Naciones Unidas (UNFPA).
- SUBIRATS, Joan (2001). El análisis de las políticas públicas. *Gaceta sanitaria*, 15(3), pp. 259-264.
- TAMAYO, Manuel (1997). El análisis de las políticas públicas. En R. Bañón y E. Carrillo (comps.), *La nueva administración pública* (pp. 281-312). Alianza.



Unha colección orientada a editar materiais docentes de calidade e pensada para apoiar o traballo do profesorado e do alumnado de todas as materias e titulacións da universidade

unidadesdidácticas
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA